

NOTA DE PRENSA

Profesionais dos psicotécnicos galegos preparan avaliacións de screening neuropsicolóxica dos condutores de idade avanzada

Santiago de Compostela, 10 de marzo de 2017- Os psicólogos e psicólogas que exercen en psicotécnicos na Comunidade galega participarán este sábado 11 de marzo nunha actividade formativa máis das que nos últimos anos destinan a afondar na avaliación neuropsicolóxica de persoas maiores no contexto do tráfico e as probas de cribado que se lle realizan a estas persoas usuarias. Este curso está organizado polo Grupo de Tráfico e Seguridade do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, e ten a súa orixe na gran preocupación dos e das profesionais polo rigor nas avaliacións que realizan, especialmente no caso de persoas de idade avanzada.

Tendo en conta a característica do envellecemento da poboación galega, onde o 23% supera os 65 anos, cinco puntos por riba da proporción estatal, resulta particularmente preocupante entre aqueles colexiados e colexiadas que exercen nos psicotécnicos galegos. A busca do equilibrio desta circunstancia con outros factores tan relevantes como a dispersión da poboación e a súa necesidade de mobilidade, deben ser parámetros a ter en conta no exercicio adaptado destas avaliacións. De aí a importancia de manter unha comunicación fluída coa Dirección General de Tráfico, Garda Civil e Sanidade a fin de xuntar criterios que permitan a toma de decisións máis adaptadas ao contexto galego para tratar de reducir a sinistralidade nas nosas estradas; tendo en conta a dispersión e necesidades de mobilidade da nosa poboación.

O docente do curso que se celebrará na sede do COPG será Manuel Del Amo Camacho, psicólogo especialista na avaliación neurolóxica. Perséguese con isto afondar na máxima preparación profesional, actualizar e dotar as e os psicólogos das ferramentas neuropsicolóxicas máis útiles para desenvolver un excelente desempeño na avaliación das capacidades cognitivas e mentais precisas para as tarefas conducir ou manexar vehículos, embarcacións, guindastres, armas, etc.

Instrumentos psicolóxicos como os diversos tests de screening e de cribaxe que permiten detectar o deterioro neuropsicolóxico, son ferramentas indispensables para a realización da valoración. A elas únense os criterios clínicos e a entrevista clínica, de cara á resolución final de apto ou non, no seu caso, para o desempeño de determinadas accións psicomotoras que requiren dun óptimo funcionamento da atención, da memoria, así como de velocidade de procesamento e execución cerebral.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns

981 534 049 / 699 908 968 / comunicación@copgalicia.gal